


PROGRAMACIÓN



DIDÁCTICA
DE
INTRODUCIÓN
AO JAZZ

ÍNDICE

- 1) Introducción
- 2) Metodoloxía
- 3) Atención á diversidade
- 4) Temas Transversais

- 
- 4.1 Educación en Valores
 - 4.2 TIC

- 5) Actividades culturais e de promoción das ensinanzas
- 6) Secuenciación
 - 6.1 Obxectivos
 - 6.2 Contidos
- 7) Avaliación
 - 7.1 Criterios de avaliação
 - 7.2 Mínimos esixibles
 - 7.3 Procedementos de avaliação
 - 7.4 Criterios de cualificación
 - 7.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
 - 7.6 Medidas de recuperación
- 8) Recursos Didácticos
- 9) Procedementos de avaliação e seguimento da programación didáctica
- 10) Procedementos para realizar a avaliação interna do departamento
- 11) Criterios para a obtención dos premios fin de grao
- 12) Rúbricas de avaliação

1- INTRODUCIÓN

A formación integral do músico require dunha gran variedade de enfoques estilísticos, estéticos e artísticos que amplían o seu horizonte profesional. Ao longo do século XX, o jazz preséntase coma unha manifestación musical e cultural de carácter universal en permanente estado evolutivo e con características propias en canto a estilos, procedementos harmónicos ou formacións instrumentais, converténdose nun eido de gran interese para o desenvolvemento da creatividade e da expresión musical nas diferentes especialidades instrumentais e especialmente para aqueles alumnos con perspectiva de acceder á especialidade de **jazz** no Grao Superior. Esta materia terá un carácter principalmente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos teóricos previos, incluíndo aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais, sen esquecer os recursos interpretativos característicos propios do jazz en canto a articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así coma a práctica da lectura a primeira vista e o adestramento da memoria sobre temas ou “estándares” do repertorio de jazz.

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instruccións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Orde do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas

establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- Circular 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2- METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar basearase en clases dinámicas e participativas nas que os alumnos/as se sintan implicados, iso é parte fundamental do proceso educativo. Procurarase empregar actividades variadas e lúdicas para que o estudiante se motive e goce da aprendizaxe musical. O profesorado desenvolverá a súa estratexia para a aula, e seleccionará e secuenciará o material e os recursos didácticos que considere oportunos tendo en conta necesidades específicas do alumnado.

As clases serán eminentemente prácticas evitando na medida do posible tanto a toma de apuntes coma o uso de material teórico impreso. Intentarase que a adquisición de coñecementos sexa posta en práctica no momento por medio do instrumento e por medio da análise formal, harmónica e melódica das pezas traballadas.

Dada a carga lectiva do alumnado deste curso 6º de grao profesional, tratarase de facer esta materia o máis participativa e práctica posible e que os contidos sexan traballados e asimilados no tempo da clase sen que teñan que levar tarefa para a casa e que a aprendizaxe se demostre a través da música improvisada.

As clases serán sesións teórico-prácticas onde se realizarán as seguintes actividades:

- Lectura e análise de temas do repertorio.
- Improvisación individual e colectiva sobre ciclos, progresións e estándares, en función da análise realizada.
- Exercicios de educación auditiva con patróns melódicos, escalas e as progresións harmónicas más utilizadas.
- Transcripción de solos.
- Traballo con audios de “YouTube”, ou equivalentes.
- Composición de temas propios ou arranxos a partir do estudo dos aprendidos.
- Audición e comentario de versións dos temas traballados.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade busca que todas as persoas, independentemente das súas características individuais, teñan oportunidades de aprendizaxe axeitadas e un desenvolvemento pleno, apoiándose en actuacións flexibles e inclusión. Os factores de diversa natureza que se teñen en conta inclúen diferencias en capacidades, estilos de aprendizaxe, ritmos, intereses, situacións socioeconómicas e culturais, lingüísticas, e factores de saúde.

Factores de diversa natureza que inflúen na atención á diversidade:

Os factores de diversidade son moi variados e poden ser de orixe persoal, social, cultural ou circunstancial.

- **Diferenzas individuais:**

- Capacidades e habilidades: Cada persoa ten un conxunto único de habilidades e capacidades, que poden variar en grao e tipo.
- Estilos e ritmos de aprendizaxe: As formas e a velocidade nas que os alumnos aprenden difieren moito, e é importante que as metodoloxías se adapten a isto.
- Intereses e motivacións: O alumnado ten distintos intereses e motivacións, que poden influír na súa implicación e no seu progreso académico.

- **Contexto socioeconómico e cultural:**

- Situación socioeconómica: As condicións económicas do alumnado e das súas familias poden afectar ás súas oportunidades de aprendizaxe e ao seu acceso a recursos.
- Contexto cultural e lingüístico: As diferentes culturas e linguas de orixe do alumnado requieren adaptacións pedagóxicas para facilitar a súa integración e aprendizaxe.

- **Factores de saúde:**

- Condicións de saúde: Problemas de saúde, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, así como trastornos de comportamento ou do desenvolvemento, requieren actuacións específicas.

- **Altas capacidades:**

Alumnado con altas capacidades tamén necesita unha atención e unhas respostas educativas que potencien o seu desenvolvemento e eviten o aburrimiento ou a falta de retos.

- **Dificultades de aprendizaxe específicas:**

Nalgúns casos, o alumnado pode presentar dificultades de aprendizaxe moi concretas que requiran intervención especializada.

- **Factores de xestión e organización do centro:**

A xestión do propio centro, a súa localización (rural ou urbana) e o seu grao de integración na comunidade son factores que tamén inflúen na atención á diversidade.

A atención á diversidade implica a posta en marcha de diferentes medidas, que van dende o ámbito xeral ata o específico, para garantir que todos os alumnos e as alumnas reciban o apoio que necesitan.

- Medidas xerais:

Actuacións que se aplican ao conxunto do alumnado, buscando unha aprendizaxe global e o éxito escolar para todos, como a **flexibilidade da programación didáctica** ou o uso de diversos formatos de aprendizaxe.

- Medidas específicas:

Actuacións dirixidas a alumnos/as con necesidades particulares, como aqueles con necesidades educativas especiais (NEAE), que non obteñen unha resposta eficaz coas medidas xerais.

En resumo, a atención á diversidade é unha abordaxe educativa integral que recoñece a variedade do alumnado e busca responder a ela mediante estratexias flexibles, inclusivas e adaptadas aos factores persoais e contextuais de cada alumno/a.

Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesorado poderá propoñer as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Propoñer actividades de traballo alternativas.
- Organizar o traballo de forma flexible.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumnado non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumno/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como *temas transversais*.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
- Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
- respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prejuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde (postural, auditiva).
- Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación ambiental

Ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursos...

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos/as e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música poden tratarse contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia). Tratar temas relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música doutras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos CD, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así

como o efecto que pode producir no consumidor ao que vai dirixido.

4.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

As TIC desenvólvense a partir de avances científicos producidos nos campos da computación e telecomunicacións. As TIC son o conxunto de tecnoloxías que permiten o acceso, a producción, tratamento e comunicación da información presentada en diferentes códigos (texto, imaxe, son, ...).

O elemento máis representativo das novas tecnoloxías é sen dúbida o ordenador, e moito máis concretamente, **Internet**. Como indican diferentes autores, Internet representa un salto cualitativo de grande magnitud, cambiando e redefinindo as formas de coñecer e relacionarse coas persoas.

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día máis patente. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais: Medios didácticos que con imaxes e gravacións servirán para comunicar mensaxes específicos.
- Medios en internet: YouTube, concertos accesibles na rede, etc.
- Programas informáticos: Edición de partituras, secuenciadores, programas de grabación, etc.
- Medios para a comunicación: Promover, se xorde o caso, actuacións que poida seguir todo o alumnado.
- Portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novedade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, e compartir material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez más accesibles (cámara de vídeo, gravadoras, tabletas, teléfonos, etc.) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o

alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de disponer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox ou GoogleDrive permiten compartir espazos de material electrónico para os alumnos/as que poden ser controlados polo profesor/a. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Estas TIC faise necesario regulalas, e seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- 1) Non se permite o uso de teléfono móvil, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable dentro das aulas, excepto nos casos en que o profesor/a o autorice e sexa con fins didácticos.
- 2) Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que recolla ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento), excepto **CENTROSNET**, e a súas aplicacións para dispositivos móveis, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- 3) Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recolla nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- 4) Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recolla ou faga uso dalgún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno/a, ou aos seus tutores legais, de ser o caso.
- 5) No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móvil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á dirección do Centro.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc., que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo as relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia de coro.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento, ou mesmo polo Centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

Poderanse organizar desde o departamento un ou varios cursos/clase maxistral ao longo do curso. A asistencia a estes cursos será sempre voluntaria áinda que dado o contido dos mesmos é recomendable.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións da agrupación seguidas de comentarios colectivos do profesorado e alumnado sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos/as e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre o profesorado do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos/as nas súas actuacións. O departamento pode organizar actividades externas ao centro en colaboración con outras institucións culturais.

Organizadas polo centro:

- Participar en actividades organizadas polo conservatorio, sendo esta unha maneira de dar a coñecer o traballo feito nos ensaios ao tempo que se intentará facer gozar ao auditorio.

Organizadas por entidades culturais do concello:

- Sempre que sexa posible, participar en actos socioculturais promovidos por entidades culturais ou o propio Concello. Será este un xeito de mostrar o traballo levado a cabo dentro do centro, ao tempo que serve de experiencia ao alumnado o traballo en distintos escenarios.

6. SECUENCIACIÓN

6º Curso de Grao Profesional

6.1. OBXECTIVOS

1) Coñecer e valorar a música de jazz

A contribución do jazz á música clásica do século XX foi significativa. Moitos grandes compositores do século pasado prestaron unha atención especial ao jazz, no cal se inspiraron para a creación da súa propia música, como son o caso de Béla Bartók, Igor Stravinski, Aaron Copland ou Darius Milhaud. Pero tamén debe ser coñecido o jazz no seu entorno máis auténtico, a través das interpretacións dos músicos: Scott Joplin e Ray Charles.

2) Saber interpretar o cifrado americano

O traballo da harmonía a partir do cifrado americano debe ser a primeira ferramenta para a introdución na música de jazz, indispensable para o desenvolvemento do alumnado nesta materia, aproveitando por suposto os coñecementos xa adquiridos por eles en materias como os dous cursos de Harmonía e os tres de Acompañamiento.

3) Aproximarse á harmonía e ao ritmo no jazz

Trátase de coñecer algúns rudimentos harmónicos e rítmicos do jazz. Propoñeremos identificar algúns aspectos auditivos e poñelos en práctica nun primeiro nivel básico.

4) Improvisar no estilo do jazz

A improvisación é unha das características esenciais da interpretación de jazz. Pero esta improvisación faise a partir de pautas previamente establecidas como guía da creatividade. Nesta materia de Introducción ao Jazz preténdese comezar a practicar a improvisación a partir do esquema formal do “blues”.

6.2. CONTIDOS

1) O cifrado de jazz

O chamado cifrado americano é o sistema de cifrado do jazz. Exprésase mediante as letras do alfabeto A B C D E F G seguidas de cifras numéricas e outros signos complementarios. A súa utilización limitarase a identificar as fundamentais e construír sobre elas as tríadas correspondentes, así como os acordes coa séptima menor engadida.

2) Interpretación do “swing”

Trátase dunha das claves interpretativas do jazz. O “swing”, entendido coma: *unha lixeira modificación rítmica na medida dos valores iguais da primeira nota de cada dúas*. Entenderase e practicarase a partir de estudos específicos.

3) O “blues”, estrutura rítmica e harmónica

Neste apartado propoñemos, o estudo dunha sinxela estrutura rítmica e harmónica, baseada no esquema do blues, na que o alumnado practicará improvisacións sinxelas.

4) Audición de diferentes estilos de jazz

A audición dos grandes intérpretes do jazz centrarase na diferencia entre dous dos estilos de jazz más populares, como son os clásicos “ragtime” e “blues”.

5) Improvisación a partir de estándares

Pódense proponer audicións que intenten distinguir algúns dos estándares máis importantes do jazz e as improvisacións que se desenvolven sobre eles. Isto contribuirá a comprender a forma destas interpretacións e darán ideas ao alumnado para a práctica emerxente da improvisación na nosa clase.

Estes contidos trataranse nas clases colectivas dentro das que tamén se traballará a nivel individual. Colectivamente traballarase a práctica da improvisación e da audición de interpretacións de músicos de jazz a través de estándares populares que logo se comentará entre todo o alumnado.

Os alumnos/as tamén formarán parellas para traballar en dúo, tanto con pezas do estilo “ragtime” como do estilo “blues”, estudiando os seus diversos parámetros como: forma, harmonía, ritmo, melodía e improvisación. A nivel individual abordarase o traballo específico de estudos e repertorio.

7. AVALIACIÓN

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1) Distinguir as diferenzas máis notables entre o *Ragtime* e o *Blues*.
- 2) Interpretar unha secuencia de acordes sínxela (tipo I-IV-V-I) escrita no cifrado americano.
- 3) Interpretar unha serie de acordes aos que o alumnado engadirá despois a 7^a menor.
- 4) Ser capaz de improvisar durante 8 compases sobre as catro fundamentais do blues, a partir dun determinado esquema.
- 5) Interpretación de: a) “*Jazz Exercises*” b)“*Jazz Minuets*” de Oscar Peterson.

7.2. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Interpretar dous estándares.
- Coñecer os acordes dos temas traballados.
- Improvisar coas estruturas harmónicas traballadas no estándar.
- Control do tempo.
- Control da forma do tema.
- Improvisar un pouco en estilo swing.
- Controlar células rítmicas características para improvisar e acompañar.

7.3. PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

A avaliação é continua. Teremos en conta o traballo diario do alumnado durante todo o curso. Os procedementos do profesor/a para a avaliação serán:

1. Observación sistemática e continua.
2. Escoita na clase e corrección dos exercicios.
3. Escoita nas audicións trimestrais.

Dada a importancia da observación directa e o seguimento continuo do alumnado, dentro das ferramentas de avaliação, o profesorado terá en conta estes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de proporcionar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliação do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliações do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A cualificación final da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: primeiro trimestre **30%**, segundo trimestre **30%** e terceiro trimestre **40%**.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a **5** puntos sobre 10.

7.4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Traballo na aula: **80%** (25% control rítmico, 25% control melódico, 25% control formal, 25% control harmónico)
- Actitude e participación en actividades organizadas polo departamento, audicións trimestrais: **20%**

NOTA: A aplicación destes criterios farase mediante a rúbrica correspondente.

7.5. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

NOTA: Non se contemplan ao ser o derradeiro curso de Grao Profesional.

7.6. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- ***Procedementos de avaliación ordinarios.***

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliação acadando os obxectivos e contidos mínimos establecidos nesta programación na seguinte avaliação.

En cada avaliação, o alumnado que non consiga aprobar a materia, recibirá un Informe de Avaliación que recolla os obxectivos non acadados e as tarefas de recuperación que o profesorado considere necesarias. Ao tratarse de grupos reducidos, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, adaptándose de xeito óptimo ás necesidades do alumnado.

- ***Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliação continua non é posible.***

Como se indicou anteriormente, o procedemento xeral de avaliação é o da avaliação continua pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algúun alumno/a de xeito continuo debido ás faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa atodas as sesións de avaliação. Neste caso o alumno/a será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación.

Será criterio do profesor/a o que determine se un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliação continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao **50%** das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en:

- Interpretar un blues e dous estándares a elixir polo alumno/a.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Recoñecer auditivamente diversas progresións harmónicas simples interpretadas polo profesor/a.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación. A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesorado da materia na sesión de avaliação

correspondente.

- *Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)*

- Interpretar un blues e dous estándares a escoller polo alumno/a.
- Improvisar un mínimo de dous coros por tema, en estilo de swing.
- Recoñecer auditivamente diversas progresións harmónicas sinxelas tocadas polo profesor/a.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os fixados nesta programación

8. RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Os recursos didácticos necesarios para unha clase de Introdución ao Jazz limitanse ás partituras que servirán de base para a súa práctica e algunas gravacións nas que apreciar os diferentes estilos desta forma de expresión musical.

Partituras:

Oscar Peterson: “*Jazz piano, for the young pianist*”, vol. 1, 2 y 3.

CDs e DVDs:

Estilo “ragtime”: Scott Joplin: “*The Gold Collection*”, publicada por Fine Tune.

Estilo “blues” : Ray Charles: “*Music Legends: Ray Charles-Ray's Blues*” na BCI Music.

9. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O seguimento da programación didáctica é continuo. A medida que imos vendo aqueles aspectos dos obxectivos, contidos, metodoloxía, etc., que precisan ser mellorados ou revisados procederase a renovalos ou modificalos.

O procedemento é a observación diaria das actividades dos alumnos/as, e a reflexión continua. As conversas con outros profesores, a lectura de libros e as comparacións con outros métodos son

procedementos indispensables.

10. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

O departamento realizará (nas reunións do mesmo) unha avaliación da cal xurdirán posibles oportunidades de mellora que constarán en acta e na memoria final. Estas posibles melloras serán estudiadas para a súa implementación no vindeiro curso académico.

- Reunións periódicas do departamento.
- Observación sistemática e continua.
- Escoita nas reunións das ideas doutros profesores.
- Escoita nas audicións trimestrais.

11. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades.

12. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

-Rúbrica de evaluación ordinaria

Criterios	Puntuación								
	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Traballo na aula 80% (control rítmico, formal, melódico e harmónico)	0	1,6	3,2	4	4,8	5,6	6,4	7,2	8
Audicións 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
NOTA									

-Rúbrica de evaluación puntual (no caso de que non sexa posible a evaluación ordinaria ou para a evaluación extraordinaria)

Criterios	Puntuación								
	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Interpretar un blues 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Improvisar en swing 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Recoñecemento auditivo progresións harmónicas 20%	0	0,4	0,8	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
NOTA									